

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE EDUCACIÓN PLÁSTICA 5º E 6º SECCIÓN BILINGÜE

# Índice

1 INTRODUCIÓN....2
2 CONTEXTUALIZACIÓN....2
3 CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO....3
4 OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA....3
5 CONTRIBUCIÓN DESDE AS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE....4
6 METODOLOXÍA....5
6.1 Presencial....5
6.2 Non presencial....5
6.3 Semipresencial....5
6.4 Agrupamentos e espazos....5
7 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS ( incluídos os libros de texto)....5
8 A AVALIACIÓN....6
8.1 Procedementos e instrumentos de avaliación....6
8.2 Criterios de cualificación....6
8.3 Directrices e instrumentos para a realización da avaliación inicial....7
9 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE....7
10 ACCIÓNS E CONTRIBUCIÓNS AOS DISTINTOS PLANS E PROXECTOS....7
10.1 Accións de contribución ao proxecto lector....7
10.2 Accións de contribución ao plan tic....8
10.3 Accións de contribución ao plan de convivencia....8
10.4 Accións de contribución ao proxecto lingüístico....8
11 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES....8
12 OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE NAS DIFERENTES ÁREAS....10
12.1 5º PRIMARIA....10
12.2 6º PRIMARIA....18
13 PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES....31
14 PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN E A PRÁCTICA DOCENTE....32

## 1 INTRODUCIÓN

Fundamento lexislativo:

- Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG Núm. 171)
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da Educación Primaria, a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato.
- ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

## 2 CONTEXTUALIZACIÓN

Situado na parroquia de Santa María de As Neves, o CEIP Marquesa do Pazo da Mercé é o único centro de Educación Infantil e Educación Primaria do concello de As Neves.

O concello de As Neves, situado no sur da provincia de Pontevedra e separado de Portugal polo río Miño, ten arredor de 3900 habitantes repartidos polas súas 13 parroquias. Limita tamén con Salvaterra de Miño, Ponteareas, Arbo e A Cañiza.

Os falecementos (por idade) e a busca doutros modos de vida lonxe do Miño seguen baleirando un concello que noutros tempos chegou a 5000 habitantes que vivían vinculados á agricultura. Hoxe as cousas son doutro xeito: moitas familias mudáronse a localidades limítrofes con máis oportunidades de traballo e posibilidades de conciliación familiar. A vida na cidade resulta máis atractiva para as familias máis xoves, e os que seguen residindo no concello dedícanse ao cultivo minifundista, aínda que se están facendo grandes esforzos e notables progresos no eido da viticultura.

Traballadores do campo e do sector servizos, as familias nevenses teñen un poder adquisitivo medio-baixo. A pesar de ser unha zona rural, a lingua predominante nos nenos é o castelán. Os maiores diríxense aos cativos en castelán e edúcanos nesta lingua, relegando o galego a un uso secundario (para a comunicación entre eles e o mundo do campo).

Desde o goberno municipal non se escatiman esforzos por facilitar o acceso á cultura e a educación.

## 3 CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

O alumnado do centro está comprendido entre os 3 e os 12 anos. Contamos cunha excepción: un alumno que, polas súas características e necesidades persoais, flexibiliza por segunda vez, está en 6º de E. Primaria e ten 14 anos.

Na súa maioría proceden de familias que viven nalgunha das 13 parroquias do concello, aínda que hai certo número de casos que residen en concellos limítrofes como Ponteareas ou Salvaterra, e que se desprazan ao centro todos os días.

Arredor do 18% do alumnado do centro presenta necesidades educativas especiais que son atendidas polos especialistas de PT e AI do centro. Para unha mellor atención destas necesidades especiais,

contamos no centro cunha aula específica á que acoden diariamente, e en determinadas horas, 2 alumnos con TEA.

As necesidades de atención educativa que temos no centro son as seguintes:

- TEA
- TDAH
- Dislalias, rotacismos, disfasias…
- Atrasos na aprendizaxe froito dun ambiente familiar desfavorecido
- Atrasos na aprendizaxe froito dunha maduración tardía
- Hipoacusias (de distinta índole e etioloxía)
- Altas capacidades

Unha alta porcentaxe do alumnado é castelán falante, sendo minoritario o uso da lingua galega.

## 4 OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, das Ciencias Sociais, da Xeografía, da Historia e da Cultura con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## 5 CONTRIBUCIÓN DESDE AS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

O desenvolvemento das competencias clave abordarase desde todas as áreas curriculares de xeito interdisciplinar.
As competencias clave que debemos desenvolver son as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

En cada estándar reflectirase a competencia clave coa que está ligado.

## 6 METODOLOXÍA

Dependendo da evolución da situación extraordinaria que estamos vivindo pola COVID-19, a metodoloxía a pode ser presencial, non presencial ou semipresencial.

### 6.1 Presencial

O ensino presencial desenvólvese no centro aplicando os principios metodolóxicos que teñen como protagonista ao alumnado.
Como medida de precaución e de evitar riscos de contaxio e propagación de virus, este ano limitaranse un pouco as metodoloxías colaborativas evitando a proximidade física do alumnado. O traballo será eminentemente individual, procurando canta menos mobilidade mellor e evitando que o alumnado comparta obxectos que non se desinfecten previamente.

### 6.2 Non presencial

O desenvolvemento da metodoloxía non presencial terá lugar se houbese que suspender o ensino presencial. Neste caso cobraría protagonismo a aula virtual, e a través dela seguiríase co proceso de E-A. de xurdiren problemas/dificultades de acceso á tecnoloxía por parte das familias/alumnado, buscaríase o xeito de solucionalos (pedindo axuda ao Concello, prestando ordenadores ou tabletas…).

### 6.3 Semipresencial

De haber instrucións dun ensino semipresencial, combinaríamos os métodos empregados no ensino presencial e a aula virtual, tendo en conta sempre as diferenzas/dificultades de acceso á tecnoloxía que pode ter o alumnado e intentando resolver os atrancos que se presenten.

0.1

### 6.4 Agrupamentos e espazos

Este curso, debido á situación de risco de contaxio no que nos atopamos, o alumnado traballará de xeito individual e en gran grupo (toda a clase). Non haberá agrupamentos pequenos (parellas, grupos de 3, 4…).
Todo o alumnado estará sentado no seu sitio, levantándose o imprescindible e sen xuntarse cos compañeiros. Tampouco se compartirá ningún tipo de material ou recurso.
Polo tanto, os espazos están determinados desde o inicio de curso, contemplándose solo a posibilidade de cambiar a situación dun alumno por outro dentro da aula (previa desinfección das mesas e cadeiras).

## 7 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS ( incluídos os libros de texto)

Empregaranse todos aqueles materiais e recursos que se considere que favorecen o proceso educativo e o desenvolvemento das capacidades do alumnado. Para a súa selección atenderase a criterios pedagóxicos.

RECURSOS HUMANOS:

- Mestres/as especialistas de Inglés

RECURSOS MATERIAIS

- Material funxible: cadernos do alumnado, folios, cartolinas, goma, lapis, rotuladores, ceras, bolígrafos, cartolinas…
- Material elaborado polo profesorado: fichas impresas, guías…
- Recursos dixitais: páxina web do centro, aula virtual, PDI, ordenador…

## 8 A AVALIACIÓN

### 8.1 Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación é continua, global, formativa e integradora e tense en conta o progreso do alumnado no conxunto de todas as áreas do currículo.

Os resultados da avaliación do alumnado na Educación Primaria expresaranse nos termos de: "Insuficiente (IN)" para as cualificacións negativas, e "Suficiente (SU)", "Ben (BE)", Notable (NT)" ou "Sobresaliente (SB)", para as cualificacións positivas. A estes termos daráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1,2,3 ou 4
- Suficiente: 5
- Ben: 6
- Notable: 7 ou 8
- Sobresaliente: 9 ou 10

A nota media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das áreas será a media aritmética das cualificacións de todas elas, redondeada á centésima máis próxima, e en caso de equidistancia, á superior.

Empregaranse as seguintes técnicas e instrumentos de avaliación:

| Técnicas | Instrumentos |
|---|---|
| • Observación directa | • Lista de cotexo |

| | |
|---|---|
| | • Escala de observación<br>• Portafolios de evidencias |
| • Análise das producións do alumnado (escritas e orais) | • Lista de control<br>• Escala de observación<br>• Lista de cotexo<br>• Rúbrica |
| • Intercambios orais | • Escala de observación<br>• Lista de cotexo |

Ao ser unha avaliación continua, poderase incorporar reforzo ou ampliación para o alumnado que o precise en calquera momento.

Ao longo do curso realizaremos tres sesións de avaliación que se recollerán en acta e faranse constar as medidas de reforzo que sexan necesarias.
Ao remate de cada unha das sesións de avaliación, as familias/ titores legais do alumnado, recibirán información dos resultados e das medidas de reforzo e/ou recuperación que se adoitaron en caso de ser necesario levalas a cabo.

### 8.2 Criterios de cualificación

A cualificación do alumnado farase atendendo ao seguinte:

| | Aspectos a valorar | Valoración |
|---|---|---|
| **EDUCACIÓN PLÁSTICA** | Traballos | 50% |
| | Coidado material | 15% |
| | Traballo e actitude | 25% |
| | Uso da lingua estranxeira | 10 % |

### 8.3 Directrices e instrumentos para a realización da avaliación inicial

Durante as primeiras semanas do curso, levarase a cabo a avaliación inicial do alumnado para:

- valorar o nivel de habilidades e de coñecementos previos que ten o alumnado respecto aos obxectivos previstos para o curso,
- para personalizar o proceso de ensino-aprendizaxe e ofrecer unha atención individualizada ao alumnado según as súas necesidades.

## 9 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Toda a práctica educativa estará enfocada á atención da diversidade. A escola, como a sociedade, acolle diversidade de persoas con características e necesidades propias. Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias de cada alumno. Traballaremos, pois, tendo en conta esa diversidade adoitando as seguintes medidas:

- Manteremos unha comunicación e relación frecuente e clara coas familias é a mellor maneira de coñecer as necesidades do alumnado.
- Empregaremos distintos estilos de aprendizaxe á hora de planear tarefas, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado para favorecer a integración e a inclusión de todo o alumnado.
- Partiremos do nivel de cada alumno.

- Prestaremos atención individualizada sempre que sexa posible.
- Traballaremos  as emocións con todo o grupo-clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal e buscando xuntos propostas de mellora.
- Utilizaremos estratexias para controlar e mellorar a conduta:
  - Amosando unha actitude tolerante, flexible e paciente.
  - Actuar como un modelo de conduta reflexiva.
  - Evitar as recriminacións verbais, corrixir en privado e felicitar en público.
  - Ignorar os comportamentos e as chamadas de atención que non sexan moi molestos.
  - Permitir momentos de descanso, como levantarse, borrar o encerado, repartir cadernos.
  - Establecer consignas non verbais co alumnado para advertilo do incumprimento dalgunha norma.
  - Evitar a acusación, ridiculización, etiquetaxe moral ou estigmatización
  - Anticiparse e prever situacións que poidan presentar problemas
  - Realizar entrevistas periódicas individuais co alumnado sobre o seguimento e motivación da conduta, que nos poden servir tamén para detectar algún tipo de acoso escolar.
  - Facer un seguimento do seu traballo.
  - Favorecer a súa integración cando a conduta é a adecuada e que os ignoren cando se portan mal.
  - Chegar a acordos con contratos de conduta adaptados á súa idade.
  - Retirar da mesa calquera obxecto que poida servir de distracción.

## 10 ACCIÓNS E CONTRIBUCIÓNS AOS DISTINTOS PLANS E PROXECTOS

### 10.1 Accións de contribución ao proxecto lector

- Lectura de textos relacionados coa arte
- Busca de información en libros que están na Biblioteca

### 10.2 Accións de contribución ao plan tic

- Visionado de material audiovisual para introducir os distintos temas.
- Uso da cámara fotográfica
- O uso do ordenador para crear obras de arte
- Uso da cámara de fotos

### 10.3 Accións de contribución ao plan de convivencia

A convivencia é un obxectivo formativo e fundamental no proceso educativo.
Este obxectivo acádase a través da:

- Xestión do grupo.
- Solución de conflitos, normas…de casos reais que se presentan dentro e fóra da aula.
- Debates que suxiran procesos de reflexión, sobre casos reais e hipotéticos.
- Planificación e revisión de normas de conduta.
- Chegar a acordos coas familias e especificar en que nos comprometemos a axudar para facilitarlle o proceso educativo ao alumnado.
- Criterios educativos comúns, sobre todo en hábitos de traballo, alimentación e hixiene.
- Establecemento de  modelos coherentes de comportamento
- Reforzo do papel da escola.
- Coordinación permanente para a realización de actividades dentro e fóra da aula:
- Favorecer nas horas de lecer, tanto dentro como fóra da aula, nos recreos, por exemplo, actividades que propicien a socialización e o trato e respecto entre iguais.

Á hora de tratar comportamentos anómalos e/ou disruptivos contémplanse as seguintes actuacións:

- Amosar unha actitude tolerante, flexible e paciente.
- Actuar como un modelo de conduta reflexiva.
- Evitar as recriminacións verbais, corrixir en privado e felicitar en público.
- Ignorar os comportamentos e as chamadas de atención que non sexan moi molestos.

- Anticiparse e prever situacións que poidan presentar problemas adxudicándolle tarefas de responsabilidade (por exemplo, mandalo a un recado a outro lugar fóra da aula) que permitan a súa mobilidade e que faga que esqueza o capricho/rabieta.
- Evitar a acusación, ridiculización, etiquetaxe moral ou estigmatización, por parte dos demais cara a el/ela.
- Realizar entrevistas periódicas individuais con el/ela, sobre o seguimento e motivación da conduta, que nos poden servir tamén para detectar o nivel de integración dentro do grupo.
- Facer un seguimento das súas condutas, anotándoas todas tal e como se produciron.
- Favorecer a súa integración cando a conduta é a axeitada e conseguir que os demais o ignoren cando se porta mal.
- Chegar a acordos con contratos de conduta adaptados á súa idade.
- Retirar da mesa calquera obxecto que poida servirlle de distracción.
- Estar o máis próximo a el/ela posible.

De non dar resultado todo isto, poñerase en marcha a aula de convivencia, á que debe acudir tras facer un informe detallado desta decisión.

### 10.4 Accións de contribución ao proxecto lingüístico

A sección bilingüe pretende fomentar o uso dunha lingua estranxeira nunha materia diferente, para ver o seu uso nun contexto que non pretende ser meramente lingüístico.
Amosarémoslles así o uso comunicativo da lingua para un propósito que neste caso consiste en crear obras de arte persoais. Ademais de darlles a coñecer aspectos culturais de paises de fala inglesa.

## 11 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Estas actividades tamén se verán afectadas pola situación que vivimos. Levaranse a cabo solo aquelas nas que a distancia entre o alumnado sexa o mínimo requirido para salvagardar a súa saúde. Estarán supeditadas á evolución da pandemia na nosa zona.

# 12 OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE NAS DIFERENTES ÁREAS

## 12.1 5º PRIMARIA

### 12.1.1 Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave

| EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA) | | | QUINTO | |
|---|---|---|---|---|
| **Obxecti-vos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | Compen-tencias clave |
| **BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL** | | | | |
| j<br>e | B1.1. Indagación sobre as posibilidades plásticas dos elementos naturais e o seu uso con fins expresivos. | B1.1. Distinguir as diferenzas fundamentais entre as imaxes fixas e en movemento, clasificándoas seguindo patróns aprendidos. | EPB1.1.1. Recoñece as imaxes fixas e en movemento e clasifícaas | CCEC<br>CSIEE |
| | | | EPB1.1.2. Debuxa aspectos da vida cotiá. | CCEC<br>CSIEE |
| j<br>e | B1.2. Exploración das posibilidades de materiais, texturas, formas, cores etc. sobre diferentes soportes.<br>B1.3. Análise da interrelación dos códigos e a intencionalidade comunicativa.<br>B1.4. Interese por aplicar ás representacións plásticas os descubrimentos obtidos na exploración de materiais.<br>B1.5. Exploración das posibilidades expresivas da liña segundo a forma, a dirección, a situación espacial e a sensación de movemento e de repouso. | B1.2. Identificar e describir os materiais, utensilios e soportes, texturas, formas e colores; comprobando as posibilidades que achegan para a creación artística. | EPB1.2.1. Identifica os recursos e os materiais utilizados para elaborar unha obra. | CCEC<br>CCL |
| | | | EPB1.2.2. Analiza as posibilidades de materiais, texturas, formas e cores aplicadas sobre diferentes soportes. | CCEC |
| j<br>e | B1.6. Documentación, rexistro e valoración de formas artísticas e artesanais representativas da expresión cultural.<br>B1.7. Realización de fotografías (enfoque e planos) para enrique- | B1.3. Aproximarse á lectura, análise e interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo, de maneira crítica, o significado e función social, sendo capaz de elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. | EPB1.3.1 . Coñece a evolución da fotografía desde o branco/negro á cor, do formato papel ao dixital, e valora as posibilidades que proporciona a tecnoloxía. | CCEC<br>CCL |
| | | | EPB 1.3.2. Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando, a posteriori, se o encadre é o máis axeitado para o propósito inicial. | CCEC<br>CCL |

| EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA) | | | QUINTO | |
|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | Competencias clave |
| | cer un informe, para recoller actividades de centro, para ilustrar unha noticia,… | | EPB 1.3.3. Recoñece os diferentes temas da fotografía. | CCEC |
| **BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA** | | | | |
| j<br>e | B2.1. Uso de texturas para caracterizar imaxes e obxectos, e para o tratamento de imaxes dixitalizadas.<br>B2.2. Preparación de documentos propios da comunicación artística: carteis, programas e guías.<br>B2.3. Disposición á orixinalidade e á espontaneidade á hora de plasmar ideas. | B2.1. Experimentar coas imaxes como unha ferramenta para deseñar documentos de información e comunicación (carteis, guías, folletos etc.) | EPB2.1.1. Realiza composicións que transmitan emocións e sensacións básicas, utilizando distintos elementos e recursos para os axustar ás necesidades. | CCEC<br>CSIEE<br>CCL |
| | | | EPB2.1.2. Busca un cartel e confecciona o seu propio anuncio. | CCEC<br>CSIEE |
| j<br>e<br>a | B2.4. Comparación entre as formas que a representación do espazo adopta en diferentes áreas ou ámbitos, como mapas de estradas, guías, pintura de paisaxes e planos.<br>B2.5. Construción de estruturas e transformación de espazos usando nocións métricas e de perspectiva.<br>B2.6. Establecemento de revisións e reflexión sobre o traballo. | B2.2. Realizar planos, mapas e carteis, individualmente e en grupo; manexando as ferramentas básicas do debuxo xeométrico. | EPB2.2.1. Confecciona planos, e mapas simples coa axuda das ferramentas básicas, individualmente e en grupo. | CCEC<br>CMCT<br>CSC |
| | | | EPB2.2.2. Utiliza e manexa os elementos que estruturan o espazo gráfico (cuadrícula). | CCEC<br>CMCT |
| | | | EPB2.2.3. Participa nas actividades propostas e amosa interese por elas, colaborando sempre que se trate dun traballo en grupo | CSC |
| j<br>e | B2.7. Análise das formas de representación de volumes no plano segundo o punto de vista ou a situación no espazo.<br>B2.8. Representación con distinta | B2.3. Imaxinar, debuxar e elaborar obras tridimensionais con diferentes materiais. | EPB2.3.1. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas. | CCEC<br>CCL |
| | | | EPB2.3.2. Experimenta coa superposición de planos para crear volume. | CCEC<br>CMCT |

| EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA) | | | QUINTO | |
|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Compentencias clave** |
| | intencionalidade de formas abertas e pechadas, e dos límites e contornos e superficies. | | EPB2.3.3. Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade. | CCEC<br>CMCT |
| | | | EPB2.3.4. Combina e analiza as cores para as utilizar correctamente na composición. | CCEC |
| | | | EPB2.3.5. Aproveita a diferenza das texturas achegadas polos lapis de cores e as ceras. | CCEC |
| | | | EPB2.3.6. Constrúe obxectos tridimensionais. | CCEC<br>CSIEE |
| j<br>h | B2.9. Uso de texturas para caracterizar obxectos e imaxes.<br>B2.10. Aplicación da posibilidade expresiva da liña, segundo a forma, a dirección, a situación no espazo e a sensación de movemento ou repouso.<br>B2.11. Recreación de espazos imaxinados aplicando conceptos básicos de composición, equilibrio e proporción. | B2.4. Representa, de forma persoal, ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. | EPB2.4.1. Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, cores e tamaños axeitados. | CCEC<br>CAA |
| | | | EPB2.4.2. Organiza os espazos das súas producións bidimensionais, utilizando conceptos básicos de composición, equilibrio e proporción. | CCEC<br>CMCT |
| | | | EPB2.4.3. Analiza e compara as texturas naturais e artificiais, así como as texturas visuais e táctiles, sendo capaz de realizar traballos artísticos utilizando estes coñecementos. | CCEC<br>CMCT |
| | | | EPB2.4.4. Distingue o tema ou xénero de obras plásticas. | CCEC<br>CMCT |
| | | | EPB2.4.5. Realiza imaxes humanas, animais e casas, partindo dun bosquexo. | CCEC<br>CSIEE |
| a<br>b<br>c | B2.12. Constancia e esixencia progresiva no proceso de realización de tarefas plásticas aplicando estratexias creativas e respectando as normas previamente establecidas. | B2.5. Participar con interese, coidando e respectando o material, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, respectando as normas e as regras previamente establecidas. | EPB2.5.1. Valora os elementos e os recursos empregados para conseguir o efecto que máis se axuste ao resultado final. | CCEC<br>CSC |
| | | | EPB2.5.2. Coida e respecta os materiais, os utensilios e os espazos utilizados. | CSC |

| EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA) | | | QUINTO | |
|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** |
| | B2.13. Seguimento das normas e das instrucións de manexo e conservación de instrumentos, materiais e espazos.<br>B2.14. Asunción de responsabilidades no traballo individual e colectivo. | | EPB2.5.3. Participa e amosa interese polas actividades propostas, colaborando na recollida e na organización do material. | CSC |
| h<br>b | B2.15. Elaboración de deseños previos á realización dunha obra para chegar ao resultado final con orde e limpeza.<br>B2.16. Establecemento de protocolos de organización, orde, limpeza e presentación. | B2.6. Amosar interese polo traballo, apreciando e valorando a correcta realización de actividades e a presentación. | EPB2.6.1. Completa e realiza os debuxos utilizando os coñecementos aprendidos. | CCEC<br>CSC |
| | | | EPB2.6.2. Presenta as tarefas con orde e limpeza respectando as normas e indicacións establecidas. | CSC<br>CCEC |
| | | | EPB2.6.3. Amosa interese polo traballo e a aplicación, apreciando a correcta realización dos exercicios e actividades. | CSC<br>CCEC |
| i<br>j | B2.17. Documentación sobre producións artísticas nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación para un sinxelo tratamento das imaxes, o deseño, a animación e a difusión dos traballos elaborados. | B2.7. Utilizar e manexar as tecnoloxías da información e da comunicación como medio de información, investigación e deseño. | EPB2.7.1. Emprega as novas tecnoloxías para se iniciar no deseño dixital, no tratamento de imaxes ou na animación. | CD<br>CCEC |
| **BLOQUE 3. DEBUXO XEOMÉTRICO** | | | | |
| h<br>j | B3.1. Exploración das posibilidades da liña recta para iniciar os traballos de xeometría.<br>B3.2. Seguimento de normas e das instrucións de manexo das ferramentas básicas do debuxo técnico. | B3.1. Coñecer e utilizar as ferramentas básicas do debuxo xeométrico. | EPB3.1.1 Coñece e usa as principais ferramentas básicas do debuxo xeométrico (regra, escuadro, cartabón, semicírculo etc.) | CCEC<br>CMCT |
| | | | EPB3.1.2. Utiliza o trazado de rectas paralelas. | CCEC<br>CMCT |
| | | | EPB3.1.3. Traza ángulos rectos, de 30 e de 60 graos utilizando as ferramentas básicas. | CCEC<br>CMCT |

| EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA) | | | QUINTO | |
|---|---|---|---|---|
| **Obxecti-vos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | Compen-tencias clave |
| | | | EPB3.1.4. Manexa os efectos visuais da perspectiva para debuxar triángulos e cuadriláteros. | CCEC CMCT |
| | | | EPB3.1.5. Representa e aplica adecuadamente o eixe de simetría. | CCEC CMCT |
| | | | EPB3.1.6. Representa formas xeométricas con precisión e coa axuda da cuadrícula e as ferramentas básicas. | CCEC CMCT |

### 12.1.2 Temporización, grao mínimo e criterios de cualificación para cada estándar de aprendizaxe

| EDUCACIÓN PLÁSTICA | | | QUINTO | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DO ESTÁNDAR | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | TEMPORIZACIÓN | | |
| | | | 1º T | 2º T | 3º T |
| EPB1.1.1. Recoñece as imaxes fixas e en movemento e clasifícaas | Recoñece as imaxes fixas e en movemento | Escala de valoración | | X | |
| EPB1.1.2. Debuxa aspectos da vida cotiá. | Debuxa aspectos da vida cotiá. | Escala de valoración | X | | |
| EPB1.2.1. Identifica os recursos e os materiais utilizados para elaborar unha obra. | Identifica os recursos e os materiais máis básicos utilizados para elaborar unha obra. | Escala de valoración | X | | |
| EPB1.2.2. Analiza as posibilidades de materiais, texturas, formas e cores aplicadas sobre diferentes soportes. | Analiza as posibilidades de materiais, texturas, formas e cores | Escala de valoración | | X | |
| EPB1.3.1 . Coñece a evolución da fotografía desde o branco/ negro á cor, do formato papel ao dixital, e valora as posibilidades que proporciona a tecnoloxía. | Coñece que houbo una evolución na fotografía. | Escala de valoración | | X | |
| EPB 1.3.2. Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando, a posteriori, se o encadre é o máis | Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, | Escala de valoración | | X | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| axeitado para o propósito inicial. | | | | | |
| EPB 1.3.3. Recoñece os diferentes temas da fotografía. | Recoñece algún tema de fotografía. | Escala de valoración | | X | |
| EPB2.1.1. Realiza composicións que transmitan emocións e sensacións básicas, utilizando distintos elementos e recursos para os axustar ás necesidades. | Realiza composicións que transmitan emocións e sensacións básicas, | Escala de valoración | X | | |
| EPB2.1.2. Busca un cartel e confecciona o seu propio anuncio. | Busca un cartel e confecciona o seu propio anuncio. | Escala de valoración | | | |
| EPB2.2.1. Confecciona planos, e mapas simples coa axuda das ferramentas básicas, individualmente e en grupo | Confecciona planos sinxelos | Escala de valoración | | | X |
| EPB2.2.2. Utiliza e manexa os elementos que estruturan o espazo gráfico (cuadrícula). | Utiliza a cuadrícula | Escala de valoración | X | | |
| EPB2.2.3. Participa nas actividades propostas e amosa interese por elas, colaborando sempre que se trate dun traballo en grupo | Participa nas actividades propostas e amosa interese por elas, colaborando sempre que se trate dun traballo en grupo | Escala de valoración | X | X | X |
| EPB2.3.1. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas. | Usa o efecto de claro e escuro nas súas producións | Escala de valoración | | | |
| EPB2.3.2. Experimenta coa superposición de planos para crear volume. | Participa nas actividades propostas e amosa interese por elas, colaborando sempre que se trate dun traballo en grupo | Escala de valoración | | | |
| EPB2.3.3. Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade. | Utiliza de xeito guiado a liña horizontal para mostrar profundidade. | Escala de valoración | | | X |
| EPB2.3.4. Combina e analiza as cores para as utilizar correctamente na composición | Recoñece o uso de cores cálidas e frías para mostrar emocións. | Escala de valoración | X | X | |
| EPB2.3.5. Aproveita a diferenza das texturas achegadas polos lapis de cores e as ceras. | Usa distintas ferramentas de traballo | Escala de valoración | X | X | X |
| EPB2.3.6. Constrúe obxectos tridimensionais | Constrúe con axuda obxectos tridimensionais | Escala de valoración | X | | X |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| EPB2.4.1. Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, cores e tamaños axeitados | Debuxa formas, figuras e elementos do contexto e procura manter as proporcións e as cores axeitadas. | Escala de valoración | | X | |
| EPB2.4.2. Organiza os espazos das súas producións bidimensionais, utilizando conceptos básicos de composición, equilibrio e proporción. | Organiza os espazos das súas producións bidimensionais, utilizando conceptos básicos de composición, equilibrio e proporción. | Escala de valoración | | | X |
| EPB2.4.3. Analiza e compara as texturas naturais e artificiais, así como as texturas visuais e táctiles, sendo capaz de realizar traballos artísticos utilizando estes coñecementos. | Fai traballos empregando polo menos 3 texturas diferentes. | Escala de valoración | | | X |
| EPB2.4.4. Distingue o tema ou xénero de obras plásticas | Iníciase na análise de obras plásticas | Escala de valoración | X | X | X |
| EPB2.4.5. Realiza imaxes humanas, animais e casas, partindo dun bosquexo | Realiza sinxelas obras nas que aparecen animais, persoas e casas. | Escala de valoración | | X | |
| EPB2.5.1. Valora os elementos e os recursos empregados para conseguir o efecto que máis se axuste ao resultado final | Valora os elementos e os recursos empregados para conseguir o efecto que máis se axuste ao resultado final. | Escala de valoración | X | X | X |
| EPB2.5.2. Coida e respecta os materiais, os utensilios e os espazos utilizados. | Coida e respecta os materiais, os utensilios e os espazos utilizados. | Escala de valoración | X | X | X |
| EPB2.5.3. Participa e amosa interese polas actividades propostas, colaborando na recollida e na organización do material. | Participa e amosa interese polas actividades propostas, colaborando na recollida e na organización do material. | Escala de valoración | X | X | X |
| EPB2.6.1. Completa e realiza os debuxos utilizando os coñecementos aprendidos | Completa e realiza debuxos utilizando os coñecementos aprendidos | Escala de valoración | X | X | X |
| EPB2.6.2. Presenta as tarefas con orde e limpeza respectando as normas e indicacións establecidas. | Presenta as tarefas con orde e limpeza | Escala de valoración | X | X | X |
| EPB2.6.3. Amosa interese polo traballo e a aplicación, apreciando a correcta realización dos exercicios e actividades. | Amosa certo interese pola materia | Escala de valoración | X | X | X |
| EPB2.7.1. Emprega as novas tecnoloxías para se iniciar no deseño dixital, no tratamento de imaxes ou na animación. | Iníciase no uso dunha ferramenta dixital de edición de imaxes. | Escala de valoración | | X | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| EPB3.1.1 Coñece e usa as principais ferramentas básicas do debuxo xeométrico (regra, escuadro, cartabón, semicírculo etc.) | Coñece e usa as principais ferramentas básicas do debuxo xeométrico (regra, escuadro, cartabón, semicírculo etc.) | Escala de valoración | X | | |
| EPB3.1.2. Utiliza o trazado de rectas paralelas. | Utiliza o trazado de rectas paralelas. | Escala de valoración | X | | |
| EPB3.1.3. Traza ángulos rectos, de 30 e de 60 graos utilizando as ferramentas básicas. | Emprega nunha obra plástica máis dun tipo de ángulo con certa precisión | Escala de valoración | | | X |
| EPB3.1.4. Manexa os efectos visuais da perspectiva para debuxar triángulos e cuadriláteros. | Realiza o debuxo de cuadriláteros en perspectiva | Escala de valoración | | X | |
| EPB3.1.5. Representa e aplica adecuadamente o eixe de simetría. | Fai debuxos seguindo eixe de simetría. | Escala de valoración | X | | |
| EPB3.1.6. Representa formas xeométricas con precisión e coa axuda da cuadrícula e as ferramentas básicas | EPB3.1.6. Representa formas xeométricas coa axuda das ferramentas básicas | Escala de valoración | X | | X |

### 12.1.3 Actividades tipo

- Coloreado de paisaxes usando o punto, a liña e as formas.
- Creación de pequenos murais de pintura rupestre
- Debuxo dun bodegón
- Coloreado dun mesmo debuxo con cores cálidas e cores frías usando as témperas.
- Elaboración do círculo cromático con témperas e facendo as mesturas.
- Mesturas de cores para conseguir as cores claras e escuras
- Realización de fotografías mostrando distintos planos
- Realización de fotografías mostrando ilusións ópticas.
- Uso da ferramenta Gimp para crear montaxes de fotos
- Creación dun cartel publicitario.

### 12.1.4 Plan de reforzo e recuperación

Non se contempla.

### 12.1.5 Aprendizaxes non adquiridas o curso pasado

Non se contempla.

### 12.1.6 Metodoloxía

O enfoque globalizador e o aprendizaxe significativo perfílanse como os más idóneos para o tratamento dos distintos contidos. Partirase das destrezas iniciais e das ideas previas que ten o alumnado sobre o contido que se vai traballar, tendo en conta que cada estudante ten a suas propias necesidades, intereses, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe. A metodoloxía será activa e lúdica , sendo a observación e a experimentación a súa principal fonte, e así crear unha atmosfera ,onde a expresión plástica teña un especial valor.

## 12.2 6º PRIMARIA

### 12.2.1 Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA) | | CURSO | SEXTO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL | | | | |
| j<br>e<br>b | B1.1. Indagación e apreciación das posibilidades plásticas e expresivas dos elementos naturais e artificiais do contexto próximo.<br>B1.2. O contexto natural, artificial e artístico: posibilidades plásticas dos elementos naturais e o seu uso con fins expresivos.<br>B1.3. Elaboración de protocolos para a observación sistemática de aspectos, calidades e características notorias e sutís das imaxes. | B1.1. Formular opinións cun criterio estético, oralmente ou por escrito, que expresen o respecto e a riqueza das achegas que ofrecen as manifestacións artísticas (plásticas, visuais ou musicais), apreciando as texturas, as formas, as liñas, as medidas e as cores. | EPB1.1.1. Observa e explica aspectos, calidades e características das obras artísticas seguindo un protocolo. | CCL<br>CCEC<br>CSC |
| | | | EPB1.1.2. Utiliza a observación e a percepción visual para interpretar imaxes. | CCEC<br>CAA |
| | | | EPB1.1.3. Reflexiona sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica. | CCEC<br>CAA |
| | | | EPB1.1.4. Recoñece materiais e recursos plásticos nas imaxes e nas composicións plásticas. | CCEC<br>CCL |
| | | | EPB1.1.5. Aprecia as diferenzas entre as formas xeométricas do seu contexto próximo. | CCEC<br>CCL |
| | | | EPB1.1.6. Analiza as posibilidades de texturas, formas, cores e materiais aplicados sobre soportes distintos. | CCEC<br>CCL |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA) | | CURSO | SEXTO |
|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** |
| j<br>e<br>b | B1.4. Indagación sobre o uso artístico dos medios audiovisuais e tecnolóxicos para o traballo con fotografías.<br>B1.5. Documentación sobre a evolución da fotografía e valoración das posibilidades do formato dixital actual.<br>B1.6. Valoración do cine de animación como ferramenta de aprendizaxe.<br>B1.7. Secuenciación dunha historia, unha novela e unha canción, con imaxes e textos explicativos.<br>B1.8. Elaboración de carteis aplicando coñecementos plásticos e audiovisuais.<br>B1.9. Iniciación a sinxelas obras de animación tendo en conta o son, a montaxe, o guión e a realización. | B1.2. Aproximarse á lectura, a análise e a interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo de maneira crítica o significado e a función social, con capacidade para elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. | EPB1.2.1. Analiza de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía axeitada imaxes fixas atendendo ao tamaño, ao formato e aos elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz e función). | CCEC<br>CCL |
| | | | EPB1.2.2 Coñece a evolución da fotografía desde o branco e negro á cor, do formato de papel ao dixital, e valora as posibilidades que trae consigo a fotografía. | CCEC<br>CCL |
| | | | EPB1.2.3. Recoñece os temas da fotografía. | CCEC<br>CCL |
| | | | EPB1.2.4. Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando a posteriori a adecuación do encadramento ao propósito inicial. | CCEC<br>CAA<br>CCL |
| | | | EPB1.2.5. Recoñece o cine de animación como un xénero do cine e comenta o proceso empregado para a creación, a montaxe e a difusión dunha película de animación, realizado tanto coa técnica tradicional como coa técnica actual. | CCEC<br>CCL<br>CAA |
| | | | EPB1.2.6. Secuencia unha historia en viñetas nas que incorpora imaxes e textos, seguindo o patrón do cómic. | CCEC<br>CAA |
| | | | EPB1.2.7. Realiza sinxelas obras de animación para familiarizarse cos conceptos elementais da creación audiovisual: guión, realización, montaxe, son. | CCEC<br>CAA<br>CD |
| j<br>i | B1.10. Valoración dos medios de comunicación e das novas tecnoloxías da información e da comunicación como instrumentos de coñecemento, produción e sa- | B1.3. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de xeito responsable para a busca, creación e difusión de imaxes fixas e en mo- | EPB1.3.1. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar, modificar tamaño, cor, brilo, contraste, …) que lle serven para a ilustración de textos. | CD<br>CSC |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA) | | CURSO | SEXTO |
|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** |
| a | tisfacción.<br>B1.11. Uso das tecnoloxías da información e da comunicación para coñecer as manifestacións do patrimonio cultural e artístico dos pobos (autores e autoras, obras e documentación).<br>B1.12. Uso intencionado da imaxe como instrumento de comunicación.<br>B1.13. A protección de datos. Dereito á propia imaxe. | vemento. | EPB1.3.2. Coñece os protocolos de actuacións para a difusión de imaxes propias ou alleas, e respecta a propiedade intelectual de cada persoa.. | CSC<br>CD |
| **BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA** | | | | |
| j<br>b | B2.1. Aplicación de recursos gráficos para a expresión de emocións, ideas e accións.<br>B2.2. Disposición á orixinalidade, a espontaneidade e a plasmación de ideas, sentimentos e vivencias de forma persoal e autónoma, na creación dunha obra artística.<br>B2.3. Recreación de espazos, aplicando conceptos artísticos básicos (equilibrio e composición). | B2.1. Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diversos materiais e técnicas pictóricas e elixindo as máis axeitadas para a realización da obra prevista. | EPB2.1.1. Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso. | CCEC<br>CAA |
| | | | EPB2.1.2. Fai composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, alegría, tristura etc.) coa axuda de diversos recursos para cada caso (claroscuro, puntos, liñas, cores etc.). | CCEC<br>CAA<br>CCEC<br>CAA |
| | | | EPB2.1.3. Debuxa obxectos cotiáns, ideas, accións e situacións. | CCEC<br>CAA |
| | | | EPB2.1.4. Experimenta con materiais e texturas gráficas con creatividade e soltura. | CAA<br>CCEC |
| | | | EPB2.1.5. Valora os elementos e os recursos empregados para alcanzar o efecto que máis se axuste ás propias necesidades. | CAA<br>CCEC<br>CAA |
| | | | EPB2.1.6. Distingue e explica as características da cor en canto a súa luminosidade, tono e saturación, aplicándoas cun propósito concreto nas súas producións. | CCEC<br>CAA<br>CCEC |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA) | | CURSO | SEXTO |
|---|---|---|---|---|
| **Obxecti-vos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** |
| | | | EPB2.1.7. Obtén diversas texturas a partir da aplicación da cor. | CAA<br>CCEC<br>CCEC<br>CAA<br>CCEC<br>CCL |
| | | | EPB2.1.8. Executa composicións pareadas nas que aparecen as cores complementarias respectivas. | |
| | | | EPB2.1.9. Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, tamaños e cores axeitadas (paisaxe, bodegón etc.). | |
| | | | EPB2.1.10. Explica coa terminoloxía aprendida o propósito dos seus traballos e as características dos mesmos. | |
| j<br>b | B2.4. Análise das formas de representación de volume.<br>B2.5. Elaboración de obxectos tridimensionais con distintos materiais.<br>B2.6. Comparación entre as formas que adopta a representación do espazo en diferentes áreas ou ámbitos. | B2.2. Representar volumes utilizando recursos como cores, claroscuros, corte, dobra e encartado. | EPB2.2.1. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas. | CCEC<br>CAA |
| | | | EPB2.2.2. Experimenta coa superposición de planos para crear volumes. | CCEC<br>CAA |
| | | | EPB2.2.3. Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade. | CCEC<br>CAA |
| | | | EPB2.2.4. Fai obxectos tridimensionais utilizando o recorte, o encartado e o pegado de pezas de diversas formas, utilizando diversos tipos de materiais. | CCEC<br>CAA |
| d<br>j | B2.7. Coñecemento e valoración de identificadores artísticos de diferentes culturas.<br>B2.8. Interese por coñecer producións do patrimonio cultural e artístico dos pobos.<br>B2.9. Valoración do patrimonio cultural e artístico para a satisfacción con eles e para a súa conservación. | B2.3. Coñecer as manifestacións artísticas máis significativas que forman parte do patrimonio artístico e cultural, e adquirir unha actitude de respecto e valoración dese patrimonio. | EPB2.3.1. Recoñece, respecta e valora as manifestacións artísticas máis importantes do patrimonio cultural e artístico español, nomeadamente aquelas que foron declaradas Patrimonio da Humanidade. | CSC<br>CCEC |
| | | | EPB2.3.2. Aprecia as posibilidades que ofrecen os museos de coñecer obras de arte expostas neles e goza con elas. | CSC<br>CCEC |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA) | | CURSO | SEXTO |
|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** |
| | B2.10. Elaboración de documentos relacionados con obras, creadores e creadoras, e manifestacións artísticas. | | EPB2.3.3. Coñece algunha profesión do ámbito artístico, interésase polas características do traballo de artistas e artesáns ou artesás, e goza como público coa observación das súas producións. | CSC<br>CCEC |
| i<br>j<br>b | B2.11. Emprego dos medios audiovisuais e novas tecnoloxías da información e da comunicación para o tratamento de imaxes, deseño, animación e difusión dos traballos elaborados.<br>B2.12. Preparación de documentos propios da comunicación artística. | B2.4. Utilizar as TIC para a busca e tratamento de imaxes, como ferramentas para deseñar documentos. | EPB2.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e documentación para a creación de producións propias. | CD<br>CCEC |
| | | | EPB2.4.2. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar; modificar tamaño, cor, brillo, contraste etc.) que serven para a ilustración de textos. | CD<br>CCEC |
| | | | EPB2.4.3. Elabora e prepara documentos propios da comunicación artística (carteis, guías ou programas). | CCEC<br>CD |
| a<br>b<br>j | B2.13. Elaboración de producións plásticas utilizando técnicas mixtas, elixindo as técnicas, os instrumentos e os materiais de acordo coas súas características e coa súa finalidade.<br>B2.14. Asunción de responsabilidade no traballo propio (constancia e esixencia progresiva) e no traballo cooperativo (respecto polas achegas e as disposicións das demais persoas).<br>B2.15. Realización individual ou en grupo, con establecemento de momentos de revisión e de reflexión sobre o proceso seguido. | B2.5. Realizar producións plásticas, participando con interese e aplicación no traballo individual ou de forma cooperativa, respectando os materiais, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, e apreciando a correcta e precisa realización dos exercicios e das actividades, a orde e a limpeza, o respecto polas normas, as regras e os/as compañeiros/as. | EPB2.5.1. Produce obras plásticas, logo de escoller as técnicas e os instrumentos máis axeitados para conseguir unha finalidade determinada. | CCEC<br>CAA |
| | | | EPB2.5.2. Respecta os materiais, os utensilios e os espazos. | CSC<br>CCEC |
| | | | EPB2.5.3. Amosa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira. | CSC<br>CCEC |
| | | | EPB 2.5.4. Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades. | CSC<br>CCEC<br>CAA |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA) | | CURSO | SEXTO |
|---|---|---|---|---|
| **Obxecti-vos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** |
| | | **BLOQUE 3. DEBUXO XEOMÉTRICO** | | |
| g<br>b<br>j | B3.1. Elaboración de composicións plásticas partindo de conceptos xeométricos da realidade do alumnado.<br>B3.2. Uso da cuadrícula para coñecer e comprender o termo de escala.<br>B3.3. Apreciación das posibilidades plásticas e expresivas das estruturas xeométricas.<br>B3.4. Construción de estruturas e transformación de espazos usando nocións métricas e de perspectiva.<br>B3.5. Uso dos instrumentos básicos do debuxo xeométrico para compor unha creación artística partindo dos polígonos elementais. | B3.1. Identificar conceptos xeométricos na realidade que rodea o alumnado, en relación cos conceptos xeométricos recollidos na área de matemáticas coa súa aplicación gráfica. | EPB3.1.1. Identifica os conceptos de horizontalidade e verticalidade, e utilízaos nas súas composicións con fins expresivos. | CCEC<br>CAA<br>CMCCT |
| | | | EPB3.1.2. Traza rectas paralelas e perpendiculares, usando o escuadro e o cartabón. | CCEC<br>CAA<br>CMCCT |
| | | | EPB3.1.3. Utiliza a regra considerando o milímetro como unidade de medida habitual aplicada ao debuxo técnico. | CCEC<br>CMCCT |
| | | | EPB3.1.4. Suma e resta segmentos utilizando a regra e o compás. | CMCCT<br>CCEC |
| | | | EPB3.1.5. Calcula graficamente a mediatriz dun segmento utilizando a regra e o compás. | CMCCT<br>CCEC |
| | | | EPB3.1.6. Traza círculos co compás coñecendo o raio. | CMCCT<br>CCEC |
| | | | EPB3.1.7. Divide a circunferencia en dúas, tres, catro e seis partes iguais, utilizando o material propio do debuxo técnico. | CMCCT<br>CCEC |
| | | | EPB3.1.8. Aplica a división da circunferencia á construción de estrelas e elementos florais aos que posteriormente lles dá cor. | CCEC<br>CMCCT<br>CAA |
| | | | EPB3.1.9. Continúa series con motivos xeométricos (rectas e curvas) utili- | CCEC |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA) | | CURSO | SEXTO |
|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** |
| | | | zando unha cuadrícula propia facilitada cos instrumentos propios do debuxo técnico. | CAA |
| | | | EPB3.1.10. Suma e resta ángulos de 90, 60, 45 e 30 graos utilizando o escuadro e o cartabón. | CMCCT |
| | | | EPB3.1.11. Analiza a realidade descompóndoa en formas xeométricas básicas e trasladándoa a composicións bidimensionais. | CCEC<br>CAA |
| | | | EPB3.1.12. Identifica nunha obra bidimensional formas xeométricas simples. | CCEC<br>CMCCT |
| | | | EPB3.1.13. Realiza composicións utilizando formas xeométricas suxeridas polo ou pola docente. | CCEC<br>CMCCT<br>CSIEE |
| | | | EPB3.1.14. Coñece e comprende o termo de escala e é capaz de aplicalo cambiando a escala dun debuxo sinxelo mediante o uso de cuadrícula. | CMCCT<br>CCEC |
| | | | EPB3.1.15. Recoñece, clasifica e constrúe os polígonos elementais, apreciando as súas diferenzas e similitudes. | CMCET<br>CCEC |
| j<br>g<br>b | B3.6. Exploración e uso adecuado do material de debuxo técnico, coa finalidade de atopar o máis apropiado para o resultado final. | B3.2. Iniciarse no coñecemento e no manexo dos instrumentos e dos materiais propios do debuxo técnico, e empregalo adecuadamente. | EPB3.2.1.Coñece e aprecia o resultado da utilización correcta dos instrumentos de debuxo, e valora a precisión dos resultados. | CCEC<br>CAA<br>CMCCT |

## 12.2.2 Temporización, grao mínimo e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe

| EDUCACIÓN PLÁSTICA | | | SEXTO | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE** | **GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DO ESTÁNDAR** | **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN** | **TEMPORIZACIÓN** | | |
| | | | **1º T** | **2º T** | **3º T** |
| EPB1.1.1. Observa e explica aspectos, calidades e características das obras artísticas seguindo un protocolo. | Observa e explica con algo de axuda aspectos e características das obras artísticas, seguindo un protocolo. | Escala de observación | X | X | X |
| EPB1.1.2. Utiliza a observación e a percepción visual para interpretar imaxes. | Interpreta de xeito guiado algunhas imaxes. | Escala de observación | X | X | X |
| EPB1.1.3. Reflexiona sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica. | Reflexiona seguindo un modelo sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica. | Escala de observación | | X | X |
| EPB1.1.4. Recoñece materiais e recursos plásticos nas imaxes e nas composicións plásticas. | Recoñece algúns materiais e recursos plásticos nas imaxes e nas composicións plásticas. | Escala de observación | | | X |
| EPB1.1.5. Aprecia as diferenzas entre as formas xeométricas do seu contexto próximo. | Aprecia as principais diferenzas entre as formas xeométricas do seu contexto próximo. | Escala de observación | | X | |
| EPB1.1.6. Analiza as posibilidades de texturas, formas, cores e materiais aplicados sobre soportes distintos. | Recoñece as posibilidades de uso de diversos materias, formas e cores. | Escala de observación | X | | |
| EPB1.2.1. Analiza de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía axeitada imaxes fixas atendendo ao tamaño, ao formato e aos elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz e función). | Analiza de maneira sinxela imaxes fixas atendendo ao tamaño, e aos elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz e función). | Escala de observación | X | | |
| EPB1.2.2 Coñece a evolución da fotografía desde o branco e negro á cor, do formato de papel ao dixital, e valora as posibilidades que trae consigo a fotografía. | Coñece algúns aspectos relacionados coa historia da fotografía. | Escala de observación | | X | |
| EPB1.2.3. Recoñece os temas da fotografía. | Recoñece algún tema da fotografía | Escala de observación | | X | |
| EPB1.2.4. Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando a posteriori a adecuación do encadramento ao propósito inicial. | Fai algunha fotografía atendendo ao encadre e ao enfoque. | Escala de observación | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| EPB1.2.5. Recoñece o cine de animación como un xénero do cine e comenta o proceso empregado para a creación, a montaxe e a difusión dunha película de animación, realizado tanto coa técnica tradicional como coa técnica actual. | Recoñece o cine de animación como un xénero do cine e comenta o proceso empregado para a creación, dunha película de animación, realizando coa técnica de stopmotion | Escala de observación | | | X |
| EPB1.2.6. Secuencia unha historia en viñetas nas que incorpora imaxes e textos, seguindo o patrón do cómic. | Elabora un cómic sinxelo con 6 viñeas consecutivas. | Escala de observación | X | | |
| EPB1.2.7. Realiza sinxelas obras de animación para familiarizarse cos conceptos elementais da creación audiovisual: guión, realización, montaxe, son. | Realiza sinxelas obras de animación para familiarizarse cos conceptos elementais da creación audiovisual guión e gravación. | Escala de observación | | | X |
| EPB1.3.1. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar, modificar tamaño, cor, brilo, contraste, …) que lle serven para a ilustración de textos. | Manexa algún programa sinxelo para retocar imaxes dixitais, que lle serven para a ilustración de textos. | Escala de observación | | | X |
| EPB1.3.2. Coñece os protocolos de actuacións para a difusión de imaxes propias ou alleas, e respecta a propiedade intelectual de cada persoa.. | Coñece os protocolos de actuacións para a difusión de imaxes propias ou alleas, e respecta a propiedade intelectual de cada persoa.. | Escala de observación | | | X |
| EPB2.1.1. Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso. | Debuxa con diversas técnicas, materias e instrumentos. | Escala de observación | X | X | X |
| EPB2.1.2. Fai composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, alegría, tristura etc.) coa axuda de diversos recursos para cada caso (claroscuro, puntos, liñas, cores etc.). | Emprega a escala de cores para mostrar as emocións básicas. | Escala de observación | X | | |
| EPB2.1.3. Debuxa obxectos cotiáns, ideas, accións e situacións. | Debuxa obxectos cotiáns, ideas, accións e situacións. | Escala de observación | X | | |
| EPB2.1.4. Experimenta con materiais e texturas gráficas con creatividade e soltura. | Experimenta con materiais con algo de creatividade, pero de xeito guiado. | Escala de observación | X | | |
| EPB2.1.5. Valora os elementos e os recursos empregados para alcanzar o efecto que máis se axuste ás propias necesidades. | Valora os recursos empregados para conseguir unha creación | Escala de observación | X | X | X |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| EPB2.1.6. Distingue e explica as características da cor en canto a súa luminosidade, tono e saturación, aplicándoas cun propósito concreto nas súas producións. | Distingue algunhas características da cor. | Escala de observación | X | | |
| EPB2.1.7. Obtén diversas texturas a partir da aplicación da cor. | Usa a cor nas súas producións artísticas | Escala de observación | X | | |
| EPB2.1.8. Executa composicións pareadas nas que aparecen as cores complementarias respectivas. | Realiza composicións co uso das cores primarias e secundarias. | Escala de observación | X | | |
| EPB2.1.9. Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, tamaños e cores axeitadas (paisaxe, bodegón etc.). | Debuxa e colorea un bodegón moi sinxelo atendendo ás proporcións | Escala de observación | X | X | X |
| EPB2.1.10. Explica coa terminoloxía aprendida o propósito dos seus traballos e as características dos mesmos. | Ás veces explica co uso de dalgunha terminoloxía aprendida, o propósito dos seus traballos. | Escala de observación | X | X | X |
| EPB2.2.1. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas. | Fai de xeito guiado unha composición tridimensional co uso do contraste de claro e escuro. | Escala de observación | | | |
| EPB2.2.2. Experimenta coa superposición de planos para crear volumes. | Experimenta coa superposición de planos para crear volumes. | Escala de observación | | | |
| EPB2.2.3. Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade. | Fai con axuda un sinxelo debuxo en perspectiva tendo en conta a liña horizontal e o punto de fuga. | Escala de observación | | | |
| EPB2.2.4. Fai obxectos tridimensionais utilizando o recorte, o encartado e o pegado de pezas de diversas formas, utilizando diversos tipos de materiais. | Fai con algo de axuda algúns obxectos tridimensionais utilizando o recorte. | Escala de observación | | | |
| EPB2.3.1. Recoñece, respecta e valora as manifestacións artísticas máis importantes do patrimonio cultural e artístico español, nomeadamente aquelas que foron declaradas Patrimonio da Humanidade. | Coñece e respecta algunhas obras do patrimonio cultural e artístico español e galego. | Escala de observación | X | X | X |
| EPB2.3.2. Aprecia as posibilidades que ofrecen os museos de coñecer obras de arte expostas neles e goza con elas. | Recoñece o museo como lugar para ver obras de arte e gozar con elas. | Escala de observación | | X | X |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| EPB2.3.3. Coñece algunha profesión do ámbito artístico, interésase polas características do traballo de artistas e artesáns ou artesás, e goza como público coa observación das súas producións. | Coñece algunhas profesións do ámbito artístico. | Escala de observación | | X | |
| EPB2.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e documentación para a creación de producións propias. | Ás veces usa as TICs como fonte de investigación para os seus proxectos. | Escala de observación | | | X |
| EPB2.4.2. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar; modificar tamaño, cor, brillo, contraste etc.) que serven para a ilustración de textos. | Iníciase no manexo de programas de retoque fotográfico. | Escala de observación | | X | |
| EPB2.4.3. Elabora e prepara documentos propios da comunicación artística (carteis, guías ou programas). | Elabora carteis seguindo un modelo. | Escala de observación | | X | X |
| EPB2.5.1. Produce obras plásticas, logo de escoller as técnicas e os instrumentos máis axeitados para conseguir unha finalidade determinada. | Produce sinxelas obras plásticas coas técnicas traballadas. | Escala de observación | X | X | X |
| EPB2.5.2. Respecta os materiais, os utensilios e os espazos. | Respecta os materiais, os utensilios e os espazos. | Escala de observación | X | X | X |
| EPB2.5.3. Amosa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira. | Ás veces mostra un traballo autónomo. | Escala de observación | X | X | X |
| EPB 2.5.4. Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades. | Ás veces participa activamente nas actividades propostas, | Escala de observación | X | X | X |
| EPB3.1.1. Identifica os conceptos de horizontalidade e verticalidade, e utilízaos nas súas composicións con fins expresivos. | Identifica os conceptos de horizontalidade e verticalidade | Escala de observación | | | X |
| EPB3.1.2. Traza rectas paralelas e perpendiculares, usando o escuadro e o cartabón. | Debuxa liñas paralelas coa axuda da excuadra e do cartabón. | Escala de observación | | | X |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| EPB3.1.3. Utiliza a regra considerando o milímetro como unidade de medida habitual aplicada ao debuxo técnico. | Utiliza a regra de xeito adecuado coñecendo a utilidade do milímetro e o centímetro | Escala de observación | | | X |
| EPB3.1.4. Suma e resta segmentos utilizando a regra e o compás. | Suma con axuda segmentos co uso do compás e da regra | Escala de observación | | | X |
| EPB3.1.5. Calcula graficamente a mediatriz dun segmento utilizando a regra e o compás. | Realiza con axuda a mediatriz dun segmento | Escala de observación | | | X |
| EPB3.1.6. Traza círculos co compás coñecendo o raio. | Traza círculos co compás coñecendo o raio. | Escala de observación | | X | |
| EPB3.1.7. Divide a circunferencia en dúas, tres, catro e seis partes iguais, utilizando o material propio do debuxo técnico. | Divide con axuda a circunferencia en dúas, catro e seis partes. | Escala de observación | | X | |
| EPB3.1.8. Aplica a división da circunferencia á construción de estrelas e elementos florais aos que posteriormente lles dá cor. | Fai con axuda creacións de flores e estrelas sinxelas dentro dunha circunferencia. | Escala de observación | | X | |
| EPB3.1.9. Continúa series con motivos xeométricos (rectas e curvas) utilizando unha cuadrícula propia facilitada cos instrumentos propios do debuxo técnico. | Fai series de figuras xeométricas sinxelas empregando a cuadrícula | Escala de observación | | X | X |
| EPB3.1.10. Suma e resta ángulos de 90, 60, 45 e 30 graos utilizando o escuadro e o cartabón. | Suma con axuda ángulos de 90ª coa axuda da regla e do compás. | Escala de observación | | X | |
| EPB3.1.11. Analiza a realidade descompóndoa en formas xeométricas básicas e trasladándoa a composicións bidimensionais. | Analiza a realidade descompóndoa en formas xeométricas básicas | Escala de observación | | X | |
| EPB3.1.12. Identifica nunha obra bidimensional formas xeométricas simples. | Normalmente identifica nunha obra bidimensional formas xeométricas simples. | Escala de observación | | | X |
| EPB3.1.13. Realiza composicións utilizando formas xeométricas suxeridas polo ou pola docente. | Realiza composicións utilizando formas xeométricas suxeridas polo ou pola docente. | Escala de observación | | X | X |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| EPB3.1.14. Coñece e comprende o termo de escala e é capaz de aplicalo cambiando a escala dun debuxo sinxelo mediante o uso de cuadrícula. | Coñece e comprende o termo de escala e ás veces é capaz de aplicalo cambiando a escala dun debuxo sinxelo mediante o uso de cuadrícula. | Escala de observación | | X | |
| EPB3.1.15. Recoñece, clasifica e constrúe os polígonos elementais, apreciando as súas diferenzas e similitudes. | Emprega algúns polígonos sinxelos nas súas creacións. | Escala de observación | | | X |
| EPB3.2.1.Coñece e aprecia o resultado da utilización correcta dos instrumentos de debuxo, e valora a precisión dos resultados. | Normalemente valora a presentación dos seus traballos empregando a técnica e os materais axeitados. | Escala de observación | | | X |

### 12.2.3 Actividades tipo

- O colage
- O comic
- Monstro con figuras xeométricas
- O mosaico
- O debuxo 3d

### 12.2.4 Plan de reforzo e recuperación

Non se contempla.

### 12.2.5 Aprendizaxes non adquiridas o curso pasado

Non se contempla.

### 12.2.6 Metodoloxía

O enfoque globalizador e o aprendizaxe significativo perfílanse como os más idóneos para o tratamento dos distintos contidos. Partirase das destrezas iniciais e das ideas previas que ten o alumnado sobre o contido que se vai traballar, tendo en conta que cada estudante ten a suas propias necesidades, intereses, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe. A metodoloxía será activa e lúdica , sendo a observación e a experimentación a súa principal fonte, e así crear unha atmosfera ,onde a expresión plástica teña un especial valor

## 13 PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

A Educación en Valores forma parte de todos os procesos de ensino e aprendizaxe, por ser un dos elementos de maior relevancia na educacion do alumnado. A aprendizaxe destes contidos pretende acadar as seguintes finalidades:

- Fomentar o uso das fórmulas de cortesía.
- Favorecer a convivencia no centro.
- Coñecer e interiorizar normas de convivencia no centro e na sociedade.
- Identificar e valorar os aspectos inxustos da realidade cotiá e das normas vixentes.
- Buscar formas de vida máis xustas no plano persoal e social.
- Elaborar os principios xerais de valor que axuden a enxuizar a realidade de forma crítica e con xustiza.
- Facultar ao alumnado para adquirir comportamentos coherentes coas normas elaboradas por eles mesmos e coas dadas pola sociedade democraticamente, buscando a xustiza e o benestar social.

## 14 PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN E A PRÁCTICA DOCENTE

O desenvolvemento da programación e a práctica docente avaliaranse periodicamente, despois de cada sesión de avaliación, e a final de curso.

Estas avaliacións teñen como finalidade adaptarse ás necesidades e características do alumnado.

Os resultados destas avaliacións recollerase na memoria final de curso.

Os instrumentos para levar a cabo estas avaliacións serán as seguintes *escalas de observación:*

**Avaliación da práctica docente**

| | INDICADORES | VALORACIÓN | | | OBSERVACIÓNS (propostas de mellora) |
|---|---|---|---|---|---|
| | | SI | NON | ÁS VE-CES | |
| **Motivación inicial do alumnado** | Presento e propoño 1 plan de traballo explicando o desenvolvemento das tarefas a realizar | | | | |
| **Motivación ao longo do proce-so** | Manteño o interese do alumnado, partindo das súas experiencias e coñecementos. | | | | |
| | Comunico a finalidade das aprendizaxes a realizar, a súa importancia e a súa aplicación á realidade. | | | | |
| | Informo dos progresos acadados e das dificultades atopadas. | | | | |
| **Presentación dos conceptos** | Relaciono os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos do alumnado | | | | |
| | Estruturo e organizo os contidos dando unha visión xeral de cada tema ( mapas conceptuais, esquemas, que teñen que aprender, que é importante, ...) | | | | |
| **Actividades na aula** | Formulo tarefas que aseguran a adquisición dos obxectivos previstos e as habilidades instrumentais básicas. | | | | |
| | Propoño tarefas variadas (de diagnóstico, de introdución, de motivación, de desenvolvemento, de sínteses, de consolidación, de recuperación, de ampliación e de avaliación). | | | | |
| | Existe un equilibrio entre as tarefas individuais e tarefas en grupo. | | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Recursos** | Utilizo recursos variados (audiovisuais, informáticos, técnicas de aprender a aprender...), tanto para a presentación dos contidos como para a execución das tarefas por parte do alumnado. | | | | |
| **Organización da aula** | Distribúo o tempo axeitadamente ( breve explicación, tempo para a realización das tarefas e breve síntese do traballo realizado). | | | | |
| | Emprego diversos tipos de agrupamentos atendendo á tipoloxía de actividades a realizar. | | | | |
| | Favorezo a autonomía na realización do traballo. | | | | |
| **Instrucción e orientacións ao traballo do alumnado** | Comprobo, de diferentes modos, que o alumnado entendeu a tarefa (pregúntolle que ten que facer, observo o que fai…) | | | | |
| | Facilito estratexias de aprendizaxe: como pedir axuda, como buscar información, pasos para resolver problemas, animo e favorezo a participación de todos | | | | |
| | Controlo frecuentemente o traballo (dou pistas e feedback positivo) | | | | |
| **Clima de traballo** | As relacións que establezo co alumnado na aula e as que o alumnado establece entre si son correctas, fluídas e non discriminatorias. | | | | |
| | Favorezo a elaboración de normas de convivencia coa achega de todos e reacciono de forma ecuánime ante situacións conflitivas. | | | | |
| | Fomento o respecto e a colaboración entre o alumnado. | | | | |
| | Proporciono situacións que facilitan ao alumnado  o desenvolvemento  da afectividade como parte da súa Educación Integral. | | | | |
| **Seguimento (control do proceso de E-A)** | Reviso e corrixo o desenvolvemento da programación para adecuala ás necesidades do alumnado (tempos, recursos, tipos de tarefas, agrupamentos…) | | | | |
| | Proporciónolle ao alumnado información a execución das tarefas e como pode melloralas. | | | | |
| | Favorezo os procesos de autoavaliación. | | | | |
| | No caso de obxectivos non acadados  propoño novas tarefas que faciliten a súa adquisición. | | | | |
| | No caso de obxectivos acadados  en pouco  tempo, propoño novas tarefas que faciliten un maior grao de adquisición. | | | | |
| **Atención á diversidade** | Teño en conta o nivel de habilidades do alumnado, os diferentes ritmos de aprendizaxe, as posibilidades de atención, etc, e en función diso, adapto o proceso de ensino-aprendizaxe. | | | | |
| | Coordínome co resto do equipo docente para para modificar e/ou adaptar contidos, actividades, metodoloxía, recursos…aos diferentes ritmos e posibilidades de aprendizaxe do alumnado. | | | | |

## Avaliación da programación

| **INDICADORES** | **VALORACIÓN** | | | **OBSERVACIÓNS** |
|---|---|---|---|---|
| | SI | NON | ÁS VECES | |
| Organizáronse e secuenciáronse os estándares de aprendizaxe  avaliables en relación ás distintas unidades didácticas | | | | |
| Determináronse os estándares de aprendizaxe imprescindibles | | | | |
| Deseñouse a avaliación inicial e levouse a cabo | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Modificouse algún dos elementos da programación | | | | |
| Acadáronse os obxectivos propostos | | | | |
| Aplícase la metodoloxía didáctica acordada no equipo didáctico a nivel de organización, recursos didáctico | | | | |
| A metodoloxía empregada axustouse á características do alumnado | | | | |
| Adoitáronse medidas de intervención educativa co alumnado que o precisaba | | | | |
| Leváronse a cabo as medidas específicas de intervención educativa propostas para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo | | | | |
| Leváronse a cabo programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación ao alumnado | | | | |
| Houbo coordinación entre o equipo docente | | | | |
| Preséntanse estratexias para a animación á lectura e o desenvolvemento da comprensión expresión oral e escrita | | | | |
| Desenvolvéronse os temas transversais nas diferentes unidades didácticas | | | | |
| Leváronse a cabo actividades extraescolares e complementarias | | | | |
| Empregáronse procedementos e instrumentos de avaliación variados. | | | | |
| Informouse ás familias e ao alumnado dos estándares de aprendizaxe, procedementos e instrumentos de avaliación, criterios de cualificación e mínimos imprescindibles | | | | |